

ACTIVIDADES



1. A participación dos cidadáns para defenderen os seus dereitos e daren a súa opinión pode facerse na prensa a través das cartas á dirección. Le esta que seleccionamos e responde ás preguntas:

A ODISEA DO TRANSPORTE PÚBLICO

Os usuarios da liña de autobuses Ferrol-Santiago ao seu paso por Pontedeume vimos padecendo sistematicamente a mala xestión da empresa responsable deste traxecto. Xa é costume que os domingos ás sete da tarde –hora de paso do autocar por Pontedeume– os que alí agardamos non teñamos oco no autobús e teñamos que esperar entre 45 minutos e unha hora a que envíen outro; esta situación acentúase en días «especiais» –festivos, vacacións, pontes, xornada electoral coma a de onte etc.–; tres persoas cubrimos onte na estación de autobuses de Compostela as follas de reclamacións pertinentes –unha ridícula representación dos afectados,

que vimos sendo unhas 20 persoas aproximadamente, e que parecen preferir o conformismo á reclamación ou esixencia dun servizo que a empresa ofrece e non cumpre–.

O que como usuaria e afectada esixo é que as autoridades competentes tomen algunha medida, como ampliar o número de autobuses, especialmente nalgúns datas, ou ben que a empresa recoñeza e faga pública esta sorte de «lei da xungla» que vivimos cada día que queremos optar a unha praza no autobús.

Irma, Santiago de Compostela
(*La Voz de Galicia*)

- a) Que pretende comunicar a emisora do texto? En que razóns e datos se apoia para facernos chegar a súa opinión? Escribe en 1ª persoa?
 - b) Que rexistro lingüístico se emprega? Existe algunha expresión coloquial?
2. O texto que che presentamos agora é un artigo de opinión. Intenta escribir a tese que defende a súa autora e as razóns que achega para defendela. Analiza tamén a súa estrutura:

La droga en el deporte

El fin del deporte es la competición y esta se convierte en rivalidad cuando varios se disputan o pretenden una misma cosa. Su práctica supone entrenamiento, sacrificio, dedicación y sujeción a unas normas concretas que los deportistas han de cumplir y respetar. El competidor busca la fama, aunque sabe que el camino, no siempre posible, es largo, penoso y tortuoso. Muchas personas han pasado toda su vida tratando de llegar a ser famosos y cuando lo consiguen utilizan gafas negras para que nadie los reconozca. A veces la fama resulta un purgatorio, y perderla, un infierno. La fama y la gloria de los grandes hombres, sea cual fuere su actividad, debe medirse siempre por los medios empleados para adquirirla.

En no pocas ocasiones, los deportistas de élite nos enseñan el falso podio de los vencedores: es la droga, vestida con otro traje, que abarca todos los niveles sociales, la que crea violencia, la que destruye voluntades y la que conduce a quienes la toman al final de lo más hermoso: la vida.

Coral Bistuer, *Marca*

